

**CORPORACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DURANTE A**  
**SEGUNDA REPÚBLICA (15-04-1931 / 24-07-1936)**

O 14 de abril de 1931 tiña lugar a proclamación da II República española como consecuencia da vitoria electoral nos comicios municipais celebrados o día 12 dese mes e ano. Este cambio no réxime político español traería importantes consecuencias nas corporacións locais, incluídas as Deputados.

Nun primeiro momento, o Goberno Provisional da República designaría para a xestión dos municipios unhas Xuntas Provisionais Administrativas até que os concellos se constituísen de conformidade aos procesos electorais democráticos do 12 de abril e 31 de maio de 1931 e do 23 de abril de 1933. Non obstante, o caso das Deputacións Provinciais será diferente. Estes entes serán administrados inicialmente por un Comité designado polo Goberno Provisional da República até a conformación dunha Comisión Xestora. Este Comité inicial será, no caso da Deputación de Pontevedra, efémero xa que será constituído na sesión do 15 de abril de 1931 e será substituído pola Comisión Xestora na seguinte sesión, isto é, o 25 de abril dese mesmo ano.

Desta forma, na sesión do 15 de abril de 1931, coa presenza do Gobernador Civil Policarpo Fernández Costas, será constituído o Comité Provincial que ficaría composto do modo a seguir:

COMITÉ PROVISIONAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (15-04-1931 / 25-04-1931)

DEPUTADOS PROVINCIAIS. COMITÉ PROVISIONAL (15-04-1931)								
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial	Data de posesión	Data de cesamento	Represión	Notas
Caamaño Cimadevila	Amancio	Presidente	ORGA		15-04-1931	25-04-1931	Execución de pena de morte	12-11-1936 (A Caeira)
Selgas Guillén	Federico	Vogal	PSOE		15-04-1931	25-04-1931	Encarcerado (12 anos); Inhabilitación perpetua	
Echeverria Nóvoa	José	Vogal	ORGA		15-04-1931	25-04-1931	Exiliado - Procesado	
Pérez Prego	Maximiliano	Vogal	ORGA		15-04-1931	25-04-1931	Encarcerado Sancionado (1.000 pts)	

COMISIÓN XESTORA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (25-04-1931 / 22-07-1932)

Despois da creación deste Comité Provisional, o Gobernador Civil da Provincia Vicente Varela Radío dará posesión, en sesión do 25 de abril de 1931, á nova Comisión Xestora do ente provincial ficando configurada do modo a seguir:

DEPUTADOS PROVINCIAIS. COMISIÓN XESTORA DO GOBERNO PROVISIONAL DA REPÚBLICA (25-04-1931)								
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial	Data de posesión	Data de cesamento	Represión	Notas
Fernández Osorio-Tafall*	Bibiano	Presidente	ORGA	Pontevedra	25-04-1931	25-05-1931	Exiliado	Alcalde de Pontevedra
Loredo Martínez*	Augusto	Vicepresidente Presidente (acc.)	PSOE	Vigo-Tui	25-04-1931 11-03-1932	16-04-1932 15-04-1932		Concelleiro de Vigo
Casasnovas Rodríguez	Benito	Vogal	PSOE-UGT	Ponteareas-Cañiza, A	25-04-1931	22-07-1932	Fuxido, Exiliado Procesado	Concelleiro de Ponteareas
Otero Sestelo	Pedro	Vogal	Agrarista	Redondela-Ponte Caldelas	25-04-1931	22-07-1932	Encarcerado	Alcalde de Redondela
Villaverde Rey	Elpidio	Vogal	ORGA	Caldas-Cambados	25-04-1931	22-07-1932	Exiliado	Alcalde de Vilagarcía
Ferreiro Panadeiro	Manuel	Vogal	FRG	Estrada, A-Lalín	25-04-1931	22-07-1932	Execución de pena de morte	Alcalde de Lalín

Con posterioridade, na sesión do 25 de maio de 1931 a corporación será ampliada con dous vogais máis a proposta da Xunta do Colexio de Avogados e da Xunta da Cámara de Comercio. Alén desta ampliación, tamén haberá unha remodelación da Comisión Xestora dada a renuncia de Bibiano Fernández Osorio-Tafall, que será substituído como deputado provincial polo Primeiro Tenente de Alcalde de Pontevedra, Arturo Rey Juncal. A presidencia pasará a estar ostentada polo deputado provincial entrante Amancio Caamaño Cimadevila.

DEPUTADOS PROVINCIAIS. AMPLIACIÓN DA COMISIÓN XESOTRA (25-05-1931)								
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial	Data de posesión	Data de cesamento	Represión	Notas
García Temes	Vicente	Vogal Presidente	FRG - PRRS	Colexio Oficial de Avogados	25-05-1931 15-04-1932	22-07-1932	Procesado	
Caamaño Cimadevila*	Amancio	Presidente	FRG	Cámara de Comercio	25-05-1931	11-03-1932	Fusilado	12-11-1936 (A Caeira)
Rey Juncal	Arturo	Vogal	FRG	Pontevedra	25-05-1931	22-07-1932	Encarcerado	Substitúe a Bibiano Fernández Osorio-Tafall

NOTA: a data de cesamento correspóndese coa última sesión na que actúa a corporación (22-07-1931) aínda que continúan exercendo como deputados provinciais até a constitución da nova corporación (01-08-1932).

\* O Deputado Provincial Bibiano Fernández Osorio-Tafall renunciará aos seus cargos na sesión do 25 de maio de 1931, sendo substituído como Deputado Provincial por Arturo Rey Juncal e na Presidencia por Amancio Caamaño Cimadevila. Augusto Loredó Martínez falece o día 16 de abril de 1932 segundo consta en Oficio do Gobernador Civil do 23 de abril dese ano (ADP 1.109/37). Pola súa parte, Amancio Caamaño Cimadevila renunciará aos cargos de presidente e Deputado Provincial na sesión do 11 de marzo de 1932. Desde ese momento exercerá a Presidencia accidental a persoa que ostente o cargo de Vicepresidente, isto é, Augusto Loredó Martínez até a sesión do 8 de abril de 1932, sendo ocupada a presidencia a partir dese momento por Vicente García Temes.

Con esta ampliación, a Comisión Xestora ficará composta por oito membros durante todo o período democrático da Segunda República acostumando conformarse do modo a seguir:

1 representante do Colexio Oficial de Avogados

1 representante da Cámara de Comercio, Industria e Navegación

1 representante do Partido Xudicial de Caldas de Reis - Cambados

1 representante do Partido Xudicial da Estrada - Lalín

1 representante do Partido Xudicial de Pontearreas – A Cañiza

1 representante do Partido Xudicial de Pontevedra

1 representante do Partido Xudicial de Redondela – Ponte Caldelas

1 representante do Partido Xudicial de Vigo – Tui

## COMISIÓN XESTORA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (01-08-1932 / 25-05-1933)

No ano 1932 a Corporación Provincial, isto é a Comisión Xestora, será remodelada na sesión do 1 de agosto baixo a presidencia do Gobernador Civil Ángel del Castillo:

DEPUTADOS PROVINCIAIS. COMISIÓN XESTORA DO BIENIO SOCIAL-AZAÑISTA (01-08-1932)								
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial	Data de posesión	Data de cesamento	Represión	Notas
García Temes	Vicente	Presidente	PRRS	Colexio Oficial de Avogados	01-08-1932	25-05-1933	Procesado	Colexio Oficial de Avogados
Gil Santostegui	Waldo	Vicepresidente	PSOE-UGT	Vigo-Tui	01-08-1932	25-05-1933	Execución de pena de morte	Concelleiro de Vigo
Poza Juncal*	Joaquín	Vogal	ORGA - PRG	Cámara de Comercio	01-08-1932	31-12-1932	Procesado	Concelleiro de Pontevedra
Rodríguez Seijo	José Manuel	Vogal	Republicano	Estrada, A-Lalín	01-08-1932	25-05-1933		Alcalde da Estrada
Villaverde Rey	Elpidio	Vogal	ORGA - PRG	Caldas-Cambados	01-08-1932	25-05-1933	Exiliado	Alcalde de Vilagarcía
Rey Juncal	Arturo	Vogal	ORGA - PRG	Pontevedra	01-08-1932	25-05-1933	Encarcerado	Concelleiro de Pontevedra
Otero Sestelo*	Pedro	Vogal	Agrarista	Redondela-Ponte Caldelas	01-08-1932	06-08-1932	Encarcerado	Alcalde de Redondela
Casasnovas Rodríguez	Benito	Vogal	PSOE-UGT	Ponteareas-Cañiza, A	01-08-1932	25-05-1933	Fuxido, Exiliado Procesado	Concelleiro de Ponteareas

Con todo, esta composición da Comisión Xestora verase alterase coa renuncia e substitución dalgúns dos seus membros como podemos apreciar a continuación:

MODIFICACIÓNS DA COMISIÓ N XESOTRA

Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial	Data de posesión	Data de cesamento	Represión	Notas	Substitúe a
Martínez Orge	Abdón	Vogal	Republicao	Redondela-Ponte Caldelas	06-08-1932	25-05-1933	Procesado - Sancionado: Inhabilitación 4 anos	Alcalde de Ponte Caldelas	Pedro Otero Sestelo
Maquieira Fernández	Joaquín	Vogal	ORGA - PRG	Cámara de Comercio	31-12-1932	25-05-1933	Encarcerado - Exiliado - Sancionado		Joaquín Poza Juncal

NOTA: a data de cesamento correspóndese coa última sesión na que actúa a corporación (25-05-1933) aínda que continúan exercendo como deputados provinciais até a constitución da nova corporación (29-05-1933).

\*Non obstante, na seguinte sesión, do 3 de decembro de 1932, asisten todos os Deputados sinalados no cadro anterior a excepción de Elpido Villaverde Rey e Pedro Otero Sestelo e aparece citado Abdón Martínez Orge (Alcalde de Ponte Caldelas). Este último e designado Deputado Provincial segundo consta en Oficio do Goberno Civil do 6 de agosto de 1932 en substitución de Pedro Otero Sestelo tras a admisión da súa renuncia (ADP 1.109/37). Por outra parte, na sesión do 31 de decembro de 1932 aceptárase a renuncia de Joaquín Poza Juncal, sendo substituído por Joaquín Maquieira Fernández

### COMISIÓN XESTORA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (29-05-1933 / 22-12-1933)

No ano 1933 haberá outra remodelación da Comisión Xestora Provincial, concretamente na sesión do 29 de maio dese ano, cando o Gobernador Civil da Provincia Ángel del Castillo designe e faga tomar posesión aos novos deputados provinciais. Nesta sesión dáse conta do cesamento de tres deputados provinciais por “haber desaparecido las causas que motivaron sus nombramientos” (Arturo Rey Juncal, Manuel Rodríguez Seijo e Abdón Martínez Orge) e a aceptación da dimisión doutros dous deputados (Elpidio Villaverde Rey e Joaquín Maquieira Fernández). Ademais, serán nomeados cinco novos deputados provinciais que, nalgúns casos, se corresponden cos deputados dimitidos. Xa que logo, a Comisión estaría composta polos cinco novos Deputados Provinciais xunto coas tres que fican da corporación anterior. Non obstante, nas seguintes sesións tan só aparecen citados os nomes dos Deputados entrantes.

Posteriormente, en sesión extraordinaria do 31 de maio son elixidos os cargos de Presidente e Vicepresidente coa presenza unicamente dos cinco Deputados Provinciais designados na sesión do 29 de maio de 1933. O señor Benito Casanovas Rodríguez manterá o seu cargo até a seguinte remodelación da corporación. Os dous deputados restantes, Vicente García Temes e Waldo Gil Santostegui, renunciarán aos seus cargos no decorrer desta “*lexislatura*”.

#### DEPUTADOS PROVINCIAIS. COMISIÓN XESTORA DO BIENIO SOCIAL-AZAÑISTA (29-05-1933)

Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial	Data de posesión	Data de cesamento	Represión	Notas
Maquieira Fernández	Joaquín	Presidente	ORGA - PRG	Cámara de Comercio	29-05-1933	29-12-1933	Encarcerado – Exiliado - Sancionado	
Villaverde Rey	Elpidio	Vicepresidente	ORGA - PRG	Caldas-Cambados	29-05-1933	29-12-1933	Exiliado	Alcalde de Vilagarcía
Ferreiro Panadeiro	Manuel	Vogal	ORGA - PRG	Estrada, A-Lalín	29-05-1933	29-12-1933	Execución de pena de morte	Alcalde de Lalín
Santiago Graña	Luis de	Vogal	Republicano	Pontevedra	29-05-1933	29-12-1933	Encarcerado Procesado	Concelleiro de Marín
Pousada Pérez	Antonio	Vogal	Republicano	Redondela-Ponte Caldelas	29-05-1933	29-12-1933	Procesado	Alcalde de Cotobade
Casanovas Rodríguez	Benito	Vogal	PSOE-UGT	Pontearreas-Cañiza, A	01-08-1932	29-12-1933	Fuxido, Exiliado Procesado	Concelleiro de Pontearreas
García Temes*	Vicente	Vogal	PRRS	Colexio Oficial de Avogados	01-08-1932	06-07-1933	Procesado	Colexio Oficial de Avogados
Gil Santostegui*	Waldo	Vogal	PSOE-UGT	Vigo-Tui	01-08-1932	25-05-1933	Execución de pena de morte	Concelleiro de Vigo

\* Os Deputados Provinciais Vicente García Temes e Waldo Gil Santostegui renunciarán aos seus cargos a pesar de continuar formando parte da nova Corporación constituída o 29 de maio de 1933. Desta forma, García Temes presentará a súa renuncia na sesión do 6 de xullo de 1933, mentres que Gil Santostegui deixa de asistir as convocatorias da Comisión Xestora desde a sesión do 25 de maio de 1933 aínda que non consta a súa renuncia. Xa que logo, e ante estas dúas vacantes, na sesión do 11 de outubro serán cubertas coa designación de dous novos Deputados:

MODIFICACIÓNS DA COMISIÓN XESTORA									
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial	Data de posesión	Data de cesamento	Represión	Notas	Substitúe a
Puig Llamas	Francisco Javier	Vogal		Colexio Oficial de Avogados	11-10-1933	29-12-1933			Vicente García Temes
Moure y Moure	Ramiro	Vogal	PRR	Vigo-Tui	11-10-1933	29-12-1933		Concelleiro de Tomiño	Waldo Gil Santostegui



## COMISIÓN XESTORA DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (05-01-1934 / 31-12-1935)

Tras a celebración das eleccións estatais do 19 de novembro de 1933, as corporacións provinciais serán substituídas polo novo Goberno Radical-Cedista para adaptar estas institucións á ideoloxía do Goberno da República como mostra a filiación dos novos Deputados Provinciais designados.

### DEPUTADOS PROVINCIAIS. COMISIÓN XESTORA DO BIENIO RADICAL-CEDISTA (05-01-1934)

Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial	Data de posesión	Data de cesamento	Represión	Notas
Viñas del Monte*	José	Presidente	PRR	Cámara de Comercio	05-01-1934	23-10-1935		
Llovo Pérez	Adolfo	Vicepresidente	PRR	Caldas-Camabdos	05-01-1934	26-12-1935		
Moure y Moure*	Ramiro	Vogal	PRR	Vigo-Tui	05-01-1934	14-02-1934		Concelleiro de Tomiño
Domínguez Ferradás	Ramón	Vogal Presidente	PRR	Pontevedra	05-01-1934 29-10-1935	26-12-1935		Alcalde de Bueu
Varela Castro	Pedro	Vogal	PRR	Estrada, A-Lalín	05-01-1934	26-12-1935	Procesado: inhabilitación 3 anos; multa de 3000 pts.	Concelleiro da Estrada
Quinteiro Martínez	Benjamín	Vogal	PRR	Ponteareas-Cañiza, A	05-01-1934	26-12-1935	Desaparecido en combate?	Concelleiro de Ponteareas
Solla Fontenla	Manuel	Vogal	Agrario de dereitas	Redondela-Ponte Caldelas	05-01-1934	26-12-1935		Concelleiro de Cotobade
Casqueiro Paz*	Manuel	Vogal	CEDA	Colexio Oficial de Avogados	05-01-1934	05-01-1934		Concelleiro de Pontevedra

\* Entre os días 23 e 28 de outubro de 1935 falece o Presidente da Deputación, José Viñas del Monte, sendo substituído na sesión do 28 de outubro por Ramón Domínguez Ferradás. O Deputado Provincial Ramiro Moure y Moure renunciará a súa acta de Deputado Provincial mentres que Manuel Casqueiro Paz, a pesar de ser citado na acta na sesión do 5 de xaneiro de 1934, non está presente na sesión constitutiva nin posteriormente polo que entendemos que non chegou a tomar posesión. Así as cousas, a Comisión Xestora sufriría modificacións ao longo desta nova *"lexislatura"*:

MODIFICACIÓNS DA COMISIÓ XESTORA									
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial	Data de posesión	Data de cesamento	Represión	Notas	Substitúe a
Romero Fernández*	Manuel	Vogal	Republicano Agrario	Vigo-Tui	14-02-1934	20-03-1935	Procesado	Concelleiro de Vigo	Ramiro Moure y Moure
Tapia Seoane	Antonio	Vogal	FET-JONS*	Colexio Oficial de Avogados	14-02-1934	26-12-1935			Manuel Casqueiro Paz
Costas Iglesias	Manuel	Vogal	Esquerdas Republicano GAG - PRV	Vigo-Tui	20-03-1935	26-12-1935		Concelleiro de Vigo	Manuel Romero Fernández

\*Filiación coñecida á altura de novembro de 1937.

## COMISIÓN XESTORA DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (31-12-1935 / 11-03-1936)

Na sesión do 31 de decembro de 1935 a Comisión Xestora será reconfigurada xa que “estimando necesario reorganizar la Comisión Gestora de la Excma Diputación Provincial, dando entrada a elementos que la renueven y cubriendo las vacantes que en la actualidad existen (...) he acordado [o Gobernador Civil] cesen en el ejercicio de sus funciones los vocales que en la actualidad la constituyen”. Así pois, a nova corporación ficará composta do modo a seguir:

DEPUTADOS PROVINCIAIS. COMISIÓN XESTORA DO GOBERNO DE PORTELA VALLADARES (31-12-1935)								
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial	Data de posesión	Data de cesamento	Represión	Notas
Fontaiña Serrapio	Luís	Presidente	PRR		31-12-1935	11-03-1936	Procesado	
Varela Castro	Pedro	Vicepresidente	PRR	Estrada, A-Lalín	31-12-1935	11-03-1936	Procesado	Concelleiro da Estrada
Domínguez Ferradás	Ramón	Vogal	PRR		31-12-1935	11-03-1936		Alcalde de Bueu
López Blanco	Celso	Vogal	CEDA	Pontevedra	31-12-1935	11-03-1936		Concelleiro de Pontevedra
Romero Fernández	Manuel	Vogal	Republicano Agrario	Vigo-Tui	31-12-1935	11-03-1936	Procesado	Concelleiro de Vigo
Rodríguez Álvarez	Rafael	Vogal		Redondela-Ponte Caldelas	31-12-1935	11-03-1936		
Vidal Fraga	Juan	Vogal	PRG - IR	Caldas-Camabados	31-12-1935	11-03-1936		Alcalde de Cambados
Facorro González	Camilo	Vogal		Ponteareas-Cañiza, A	31-12-1935	11-03-1936		Concelleiro da Cañiza

## COMISIÓN XESTORA DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (19-03-1936 / 24-07-1936)

Segundo consta na sesión do 19 de marzo de 1936 "el resultado de las elecciones generales celebradas últimamente, ha de repercutir en aquellas entidades y corporaciones cuyos componentes deben ser reflejo de la voluntad popular, conformándolas a lo que ha sido expresión de la consulta en las urnas. Es imperativo, pues, un cambio en las personas que las rigen y a este designio no puede sustraerse la Comisión Gestora de la Excm. Diputación provincial que ha de constituirse con elementos que ostenten o que hubieren tenido antes, la representación del pueblo, sin olvidar que la entrada en liza de nuevos partidos o agrupaciones políticos, apartados, hasta ahora, del campo gubernamental, impone la designación por libre nombramiento sin que esto implique más que el respeto y la consideración que merecen aquellas organizaciones". Desta forma, a Comisión Xestora designada en decembro de 1935 será cesada, nomeando unha nova Comisión que ficaría do modo a seguir:

DEPUTADOS PROVINCIAIS. COMISIÓN XESTORA DA FRONTE POPULAR (19-03-1936)								
Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial	Data de posesión	Data de cesamento	Represión	Notas
Adrio Barreiro*	José	Presidente Vogal	UR	Vigo-Tui	19-03-1936 26-03-1936	26-03-1936 24-07-1936	Execución de pena de morte	
Blein Budiño*	Enrique	Vicepresidente	IR	Vigo-Tui	19-03-1936	26-03-1936	Fuxido	Concelleiro de Vigo
Castro Estévez	Gabino	Vogal	Agrario Esquerdas	Redondela- Ponte Caldelas	19-03-1936	24-07-1936		Concelleiro de Pontearreas
Coto Chan*	Manuel	Vogal	PSOE	Estrada, A- Lalín	19-03-1936	26-03-1936	Encarcerado Sancionado	Concelleiro da Estrada
García Filgueira	Manuel	Vogal	PCE	Pontevedra	19-03-1936	24-07-1936	Encarcerado	Concelleiro de Pontevedra
Núñez Búa	José	Vogal Vicepresidente	PG	Caldas- Cambados	19-03-1936 26-03-1936	26-03-1936 24-07-1936	Exiliado	
Pérez Prego	Maximiliano	Vogal Presidente	IR	Vigo-Tui	19-03-1936 26-03-1936	24-07-1936	Encarcerado Sancionado	
Troncoso Fernández	Ramón	Vogal	PSOE – UGT	Pontearreas- Cañiza, A	19-03-1936	24-07-1936	Procesado	Concelleiro de Pontearreas

\* Na sesión do 26 de marzo de 1936 será admitida a renuncia ao cargo dos Deputados Provinciais José Adrio Barreiro, Enrique Blein Budiño e Manuel Coto Chan. Non obstante, o primeiro deles, José Adrio Barreiro será novamente nomeado vogal da Comisión. Tras estas renuncias e nomeamentos voltaranse elixir os cargos da Institución.

MODIFICACIÓNS DA COMISIÓN XESTORA DA FRONTE POPULAR




Apelidos	Nome	Cargo	Filiación política	Partido Xudicial	Data de posesión	Data de cesamento	Represión	Notas	Substitúe a
Paz Carvajal	Ramiro	Vogal	PSOE	Estrada, A-Lalín	26-03-1936	24-07-1936	Execución de pena de morte		Manuel Coto Chan
Candeira Álvarez	Pastor	Vogal	IR	Vigo-Tui	26-03-1936	24-07-1936	Exiliado		Enrique Blein Budiño

Os gobernos provinciais do período da Segunda República chegarían á súa fin o día 24 de xullo de 1936 cando as forzas reaccionarias tomen o control da Deputación mediante a suspensión polo Goberno Militar da Comisión Xestora e nomeando como Delegado Presidente a Rafael González Fernández-Besada.

## ANEXO: PARTIDOS POLÍTICOS DO PERÍODO DA SEGUNDA REPÚBLICA

As filiacións políticas durante o período da Segunda República son moi variables de conformidade co dinamismo existente nas organizacións políticas da época que dá lugar a escisións, fusións ou aparición e desaparición de novos partidos. Xa que logo, as filiacións indicadas non se teñen que corresponder exactamente co momento en que os deputados provinciais exerceron os seus cargos. En moitos casos, un mesmo deputado militou en diferentes organizacións polo que se indican todas as súas filiacións coñecidas.

PARTIDOS POLÍTICOS DURANTE A SEGUNDA REPÚBLICA					
Logo	Siglas	Denominación	Organizacións integradas	Ano de fundación	Ano de disolución
	AP	Acción Popular		1931	1933 (CEDA)
	AR	Acción Republicana		1925	1934 (IR)
	AS	Acción Socialista			
	CEDA	Confederación Española de Derechas Autónomas		1933	1937 (FET-JONS)
	FE-JONS	Falange Española de las Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista	JONS + FE	1934	1937 (FET-JONS)
	FET-JONS	Falange Española Tradicionalista y de las Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista	CEDA + FE-JONS	1937	1977
	FP	Frente Popular	IR + UR + PNR + PSOE + PCE + PS + ERC + PG + outros	1936	1939
	FRG	Federación Republicana Galega	ORGA + PRR + PRRS + PRF	1930	1932
	GAG	Grupo Autonomista Galego		1930	1931 (PG)
	IR	Izquierda Republicana	AR + AS + PRRS + ORGA (PRG)	1934	1959 (ARDE)
	ORGA	Organización Republicana Galega Autónoma		1929	1934 (IR)
	PCE	Partido Comunista de España		1921	
	PG	Partido Galeguista		1931	1950
	PNR	Partido Nacional Republicano		1934	1936
	PRD	Partido Radical Demócrata		1934	1934 (UR)
	PRF	Partido Republicano Federal		1930	¿
	PRG	Partido Republicano Galego	Nova denominación da ORGA	1932	1934 (IR)

	PRR	Partido Republicano Radical		1908	1936
	PRRS	Partido Republicano Radical Socialista		1929	1934 (UR)
	PRV	Partido Republicano Vigués*		1914	1931
	PSOE	Partido Socialista Obrero Español		1879	
	UR	Unión Republicana	PRD + PRRS	1934	1959 (ARDE)
	URD	Unión Rexional de Dereitas		1932	1933 (CEDA)

\* En 1931 transformaríase no Partido Radical Vigués próximo ao Partido Republicano Radical.

## FONTES

Enderezo web do proxecto Nomes e Voces

<http://www.nomesevoces.net/>

Enderezo web do proxecto Xeración Perdida. Representatividade institucional republicana e represión na provincia de Pontevedra

<https://www.depo.gal/xeracion-perdida>

Libros de actas da Comisión Xestora da Deputación de Pontevedra

<http://catalogodocumental.depo.es/index.php/libro-de-actas-da-comision-xestora>

Boletín Oficial do Estado (Histórico)

<https://boe.es/buscar/gazeta.php>